

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

ANUNCIO do 2 de setembro de 2022, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, polo que se fai público o informe de impacto ambiental do proxecto da liña de alta tensión subterránea de circuíto simple a 66 kV desde a subestación eléctrica de Padrón ata a subestación eléctrica da Picaraña, nos concellos de Padrón e Rois (A Coruña) (expediente 2022/0026).

De conformidade co artigo 47 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11 de decembro), faise público o informe de impacto ambiental, do 30 de agosto de 2022, do proxecto da liña de alta tensión subterránea de circuíto simple a 66 kV desde a subestación eléctrica de Padrón ata a subestación eléctrica da Picaraña, nos concellos de Padrón e Rois (A Coruña), promovido por Exlabesa Extrusión Padrón, S.L.

Este informe poderase consultar na seguinte ligazón:

<https://cmatv.xunta.gal/resoluciones-da-avaliacion-ambiental-de-proxectos> e nas dependencias da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, sitas en Santiago de Compostela (San Lázaro, s/n, planta baixa), e da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación (San Caetano, s/n, bloque 5, 4º andar, Santiago de Compostela).

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2022

María Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade
e Cambio Climático

CVE-DOG: appy70g1-mzc3-rff5-vqb6-pzlr5m9vdj8

